



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



OCUPACIÓN LABORAL DO ALUMNADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL QUE REMATOU A FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO NO ANO 2017

INFORME DE RESULTADOS

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL**

Título:

Ocupación laboral do alumnado de Formación Profesional que rematou a Formación en Centros de Trabajo no ano 2017

Financia:

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Elabora:

IDEARA S.L.

Edita:

IDEARA S.L.

Lugar e data:

Santiago de Compostela, novembro de 2018

ÍNDICE

ÍNDICE.....	3
1. PRESENTACIÓN	7
2. RESULTADOS.....	15
2.1. SITUACIÓN XERAL DO ALUMNADO QUE REMATOU A FCT EN GALICIA	18
2.1.1. Principais conclusións.....	18
2.1.2. A inserción laboral do alumnado.....	20
2.1.3. A situación principal do alumnado	23
2.1.4. Descrición do último emprego	32
2.1.5. Descrición do emprego actual.....	37
2.1.6. Continuidade doutros estudos	42
2.1.7. Carácter emprendedor do alumnado.....	46
2.2. RESULTADOS POR FAMILIAS.....	48
2.2.1. Diagnose comparativa das familias	49
2.2.2. Diagnose familia a familia.....	66
2.3. RESULTADOS POR CICLOS.....	135
3. METODOLOXÍA E ANEXOS	171
3.1. FICHA TÉCNICA	171
3.2. ANEXO I: ÍNDICE DE GRÁFICAS E TÁBOAS.....	173
3.3. ANEXO II: CUESTIONARIO	178
3.4. ANEXO III: DESCRICIÓN DA MOSTRA	181

PRESENTACIÓN |

1. PRESENTACIÓN

A Formación Profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional, facilitar que se adapte ás modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida e contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática. Ademais, facilítalle a progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida (Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa).

Os ciclos formativos de Formación Profesional constitúen un eixo estratéxico para axudar na inserción laboral dos mozos e das mozas, así como de calquera persoa que queira mellorar a súa situación no mercado de traballo. Están dirixidos non só á xente moza na etapa previa á primeira incorporación ao mercado de traballo, senón que están tamén enfocados a mellorar a capacitación ou a reorientar as carreiras profesionais de persoas de todas as idades.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, programa desde hai anos a realización de estudos para coñecer a realidade laboral das persoas tituladas de ciclos de FP en Galicia tras cada curso escolar. A súa finalidade consiste en avaliar o grao de consecución dos obxectivos fundamentais da Formación Profesional, en especial coñecer a situación laboral e as vías de acceso ao emprego das persoas tituladas da FP transcorrido un tempo desde que remataron os seus estudos, así como coñecer a traxectoria formativa escollida por estas e que serve como referente que a Administración educativa terá en conta para planificar a oferta de formación profesional nos vindeiros cursos.

Este informe amosa os resultados acadados para o estudo de **inserción laboral do alumnado de formación profesional que realizou a Formación en Centros de Traballo (FCT) no ano 2017**. As informacións recompiláronse mediante unha enquisa telefónica, como en edicións anteriores, e tamén en liña (ferramenta de recollida de datos xa utilizada na edición anterior, de 2016). A enquisa aplicouse sobre unha mostra representativa que permite coñecer os datos de inserción laboral desagregados por familias profesionais, grao dos ciclos, sexos e zonas. O deseño da mostra tamén asegura a representatividade dos ciclos formativos de forma individual. En concreto, realizáronse 3 675 entrevistas completas, que abranguen todas as familias profesionais e ciclos formativos nos que había alumnos e alumnas que remataron os seus estudos no curso de referencia.


Esta operación atópase recollida no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (aprobada no Decreto 131/2017, do 21 de decembro), que, pola súa banda, se enmarca no Plan Galego de Estatística 2017-2021.

- **Mercado laboral en Galicia**

Unha descrición da situación do mercado laboral en Galicia no ano 2018 servirá para contextualizar e comparar os resultados que máis adiante se detallarán sobre a inserción laboral dos titulados e das tituladas da Formación Profesional.

Segundo as fontes estatísticas de referencia, a taxa de paro no primeiro trimestre de 2018 en Galicia é do 14%¹. Esta taxa é un pouco máis alta entre as mulleres (15,2%) que entre os homes (12,8%). Estas cifras, ademais, amosan grandes diferenzas por idades, como se observa na seguinte gráfica. En especial no caso do tramo de idade inferior (de 16 a 19 anos), a diferenza entre homes e mulleres é máis significativa (ata o 46%).

Figura 1. Taxas de paro en Galicia por sexos, 2º trimestre de 2018. Fonte: EPA



A taxa de paro defínese como a porcentaxe de persoas, sobre o total de persoas activas, que non teñen emprego, que están dispoñibles para traballar e que buscan activamente unha ocupación. Non se consideran activas as persoas que non se atopan en disposición de traballar e as que non están na procura activa de emprego, é dicir, que non executan accións concretas para acadalo. É importante ter en conta estes matices metodolóxicos porque a taxa de paro defínese como unha proporción sobre unha poboación que non abrangue todo o universo do estudo (as persoas tituladas), senón un grupo (as persoas activas).

A taxa de paro xuvenil defínese como aquela que afecta ás persoas de 16 a 29 anos; por tanto, está relacionada coa poboación que é obxecto do presente estudo. A partir do ano 2015, obsérvase unha significativa tendencia á baixa na taxa de paro, que pasa do 38% ao 25,8% no segundo trimestre de 2018. Esta redución do paro xuvenil acompáñase dun crecemento da taxa de ocupación², que aumenta en pouco máis de dous puntos porcentuais (do 34,1% ao 36,2%) fronte ao 12,2% en que se reduce a taxa de paro.

A explicación de que se reduza o paro sen aumentar na mesma medida a ocupación pode deberse á diminución da poboación activa (máis persoas estudando) ou á redución da poboación nos tramos de idade tomados en consideración.

¹ Fonte: IGE; datos da Enquisa de Poboación Activa.

² A taxa de ocupación é a porcentaxe das persoas que traballan sobre a poboación total (incluídas as persoas activas e inactivas).

Figura 2. Evolución da taxa de paro xuvenil (16-29 anos) en Galicia. Fonte: EPA





Figura 3. Táboa das taxas de ocupación das persoas traballadoras en Galicia por grupos de idade: 1º trimestre de 2018. Fonte: EPA-IGE

Grupo de idade	Poboación total (miles)	Ocupados/as (miles)	Taxa de ocupación
16 a 19	85,5	3,9	4,56%
20 a 24	109	31,9	29,27%
25 a 29	124	79,9	64,40%
30 ou máis anos	1 866,3	824,9	44,20%

• A Formación Profesional en Galicia

Nas seguintes liñas descríbese a situación actual da formación regrada en Galicia, distinguindo entre o ensino universitario e a formación profesional. No ano 2016, comparado co 2015, conséntase unha redución do alumnado que, con todo, non é tan elevada na seguinte anualidade (2017). De feito, o total do alumnado volve a remontar pese ao descenso no réxime ordinario. Debe indicarse, por tanto, que esta información inclúe as persoas matriculadas no réxime ordinario, non as adultas, que tamén se inclúen na enquisa realizada.

Figura 4. Alumnado matriculado en Galicia en ciclos formativos de grao medio e grao superior, réxime ordinario. Fonte: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional



No caso das persoas matriculadas en ensinanzas universitarias, a evolución presenta unha notoria tendencia á baixa. O último ano do que se teñen datos oficiais é o 2016.

Figura 5. Alumnado matriculado nas universidades galegas. Fonte: IGE






Figura 6. Emigración e inmigración de 16 a 29 anos en Galicia. Fonte: IGE



A orixe da tendencia á baixa da poboación activa debe buscarse en cambios a nivel sociodemográfico, tanto nas taxas de natalidade como nos movementos migratorios, e no feito de dedicar máis anos ao período de formación. A pirámide de poboación de Galicia (pirámide invertida) fai que cada ano menos mozos e mozas cheguen á idade de traballar. Por outra banda, mantense un fluxo migratorio que tende á baixa co pasar dos anos entre mozos e mozas de 16 a 29 anos, mentres que a inmigración rexistrou un aumento nos últimos anos.

Todos estes indicadores explican como en Galicia, cun valor absoluto de persoas ocupadas que apenas aumenta, existe unha redución da taxa de paro.

Figura 7. Poboación total en Galicia entre 16 e 29 anos. Fonte: IGE

RESULTADOS |

2. RESULTADOS

Os resultados da enquisa de *Ocupación laboral do alumnado de FP en Galicia que rematou a FCT no ano 2017* preséntanse desde o máis xeral (resultados globais de todo o alumnado) ao máis particular (inserción laboral por familias profesionais e ciclos formativos).

O cuestionario coas definicións literais das preguntas e categorías de resposta poden consultarse no anexo II do documento.

A recollida desta información prodúcese entre seis e 18 meses despois de que o alumnado rematara a FCT. Isto permite analizar determinados datos sobre o inicio da súa inserción laboral.

Para a análise deste estudo interesou rexistrar o último emprego dos alumnos e das alumnas que non están ocupados/as na actualidade (no momento en que se realiza a enquisa), ou o **emprego actual** do alumnado que está a traballar. Cando se fala de «emprego actual» faise referencia ao emprego que ten a persoa titulada no mes de referencia, en Xuño de 2018, cando se realiza a enquisa. O «último emprego» descríbese tamén nos casos das persoas que non desempeñan un traballo actualmente, porque o obxectivo principal do estudo é coñecer o grao de inserción e **situación laboral actual**.

Ademais, débese aclarar que á hora de considerar a situación laboral actual do/da alumno/a tomouse como «**persoa traballadora**» aquela que ten un traballo por conta allea ou exerce unha actividade por conta propia de maneira que:

Son as persoas de 16 ou máis anos que durante a o mes de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante ese mes:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.³

Por tanto a referencia no estudo para definir o estudante e parado é o mes de xuño de 2018. Por outra banda, para a operación da EPA o INE define a unha persoa en situación de paro como:

As persoas de 16 ou máis anos que, durante a semana de referencia, estean simultaneamente nas seguintes situacións:

- Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.

³ Definicións procedentes da metodoloxía da EPA, citada polo IGE en: http://ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_2005_Dupli_gl.pdf

- Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta.

- Dispoñibles para traballar, é dicir, en condicións de comezar a facelo nun prazo de dúas semanas a partir da data da entrevista.

Tamén se inclúen entre as persoas paradas aquelas que estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar dentro das dúas semanas posteriores á da data da entrevista e á espera de se poderen incorporar a un novo traballo nunha data posterior ó mes de referencia.

Así mesmo, son paradas as persoas ausentes do traballo como consecuencia dunha suspensión por regulación de emprego que non crean poder incorporarse á empresa e buscaron traballo e están dispoñibles para desempeñalo.

No Regulamento 1897/2000 da Comisión Europea que introduce novas instrucións sobre como interpretar a busca activa de traballo, considéranse métodos activos de busca, nas catro semanas anteriores á entrevista, os seguintes:

- Estar en contacto cunha oficina pública de emprego co fin de encontrar traballo, calquera que sexa a parte que tomase a iniciativa (a renovación da inscrición por razóns puramente administrativas non constitúe unha formulación activa).

- Estar en contacto cunha oficina privada (oficina de emprego temporal, empresa especializada en contratación...) co fin de atopar traballo.

- Enviar unha candidatura directamente as empresas ou entidades empregadoras.

- Indagar a través de relacións persoais, por mediación de sindicatos...

- Anunciarse ou responder a anuncios de periódicos.

- Estudar as ofertas de emprego.

- Participar nunha proba, concurso ou entrevista, no marco dun procedemento de contratación.

- Buscar terreos, locais ou material.

- Realizar xestións para obter permisos, licenzas ou recursos financeiros.⁴

Estas definicións implican que unha persoa que está estudando pode ser ao mesmo tempo parada, aínda que considere que estudar é a súa ocupación principal. O importante para distinguir eses posibles estados é analizar se cumpre os requisitos sinalados máis arriba, de xeito análogo á Enquisa de Poboación Activa.

Os datos de inserción laboral preséntanse de forma global para o total da poboación estudada, por familias profesionais e por ciclos formativos. Os resultados por familias expóñense de dúas formas: individualmente e en comparación coas demais. De igual xeito, a maior parte dos datos expoñeranse desagregados en función do sexo do/da alumno/a, grupo de idade, grao do ciclo e provincia do centro formativo (por considerarse esta un marco de referencia común).

En detalle, os resultados que se expoñerán no informe serán:

- ✓ Situación laboral actual: taxa de inserción laboral, situación actual dos/das alumnos/as (traballando, estudando ou buscando emprego) e tempo en conseguir un emprego.

⁴ Definicións procedentes da metodoloxía da EPA, citada polo IGE en: http://ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_2005_Dupli_gl.pdf

- ✓ Datos do último emprego e do actual: relación co ciclo estudado e vía de inserción laboral.
- ✓ Continuación doutros estudos e tipoloxía destes.
- ✓ Iniciativa emprendedora da persoa titulada.

2.1. Situación xeral do alumnado que rematou a FCT en Galicia

2.1.1. Principais conclusións

A taxa de **inserción laboral do alumnado que rematou a Formación en Centros de Traballo no ano 2017** dos ciclos formativos galegos de FP (que supón un total de 14 168 alumnos e alumnas) é do **85,4%**. Este valor describe a porcentaxe de persoas que están traballando no momento da recollida dos datos sobre o conxunto do alumnado activo. Este dato supón unha mellora respecto ao bienio anterior do 13,7% (en 2016 situábase no 71,7%).

A taxa de ocupación aumenta na mesma medida que a idade do alumnado, oscilando entre o 37,4% das persoas menores de 20 anos e o 76% das maiores de 30. En todos os segmentos sitúase por enriba da rexistrada para o mesmo grupo en toda Galicia. Percíbense diferenzas significativas entre os niveis de ocupación por sexos (se ben redúcense en certa medida con respecto ás rexistradas no estudo de 2016): a taxa dos homes (66,4%) supera á das mulleres nun 3%. Segundo o grao dos ciclos formativos, a taxa de ocupación do alumnado dos ciclos de grao superior (68,8%) é lixeiramente mellor á do alumnado dos ciclos de grao medio (65,3%) e ambas as taxas sitúanse moi por enriba dos datos da FP Básica (32,8%). Por provincias, a maior taxa de ocupación do conxunto de persoas que remataron a FCT no ano 2017 atópase nas que cursaron FP en centros de Pontevedra (67,1%).

Á porcentaxe do alumnado que está traballando hai que engadirlle un 8,6% que, aínda que non conta con emprego na actualidade, si obtivo algún despois de rematar o ciclo formativo e un 2,2% que xa o tiña mentres estudaba. O 24,2% restante non desempeñou ningún traballo desde que rematou os seus estudos.

O 86,8% dos alumnos e das alumnas que acadaron algún emprego conseguírono nos seis meses posteriores a concluír o ciclo formativo (antes de comezar a estudar ou mentres estudaban, xusto despois de rematar ou nos seis meses seguintes). Destaca unha elevada porcentaxe de alumnado (21,9%) que xa tiña emprego antes de comezar os estudos de FP e que o mantivo ata despois de finalizalos.

Con relación ao último emprego desempeñado despois do ciclo polos alumnos e as alumnas que agora mesmo non están traballando, o 59,3% ocupou postos de traballo relacionados coa formación rematada (e o 48,6% considérao adecuado á capacitación acadada co ciclo). O 26,2% obtivo o emprego a través da empresa onde realizou a formación en centros de traballo. Entre as outras vías existentes empregadas polo resto de persoas que conseguen un posto de traballo repítese a mesma orde do estudo realizado en 2016: sobresaie o acceso por contactos persoais ou familiares (32%), seguido do envío do currículo por iniciativa propia (27%) ou por anuncios publicados en medios de comunicación, taboleiros de anuncios ou ofertas na Internet (15,5%).

Tendo en conta o emprego actual, o 65,9% do alumnado que rematou a FCT e que está traballando na actualidade ocupa postos de traballo relacionados co ciclo formativo. Deste alumnado, a maior parte (un 56,3% do total), atopa un emprego acorde co nivel de capacitación proporcionado polo ciclo cursado.

En canto ás vías de acceso ao emprego actual, o 29,6% do alumnado que está traballando faino na empresa onde realizou as prácticas (FCT). O resto de alumnos/as accede ao seu posto de traballo actual principalmente por medio dos contactos persoais ou familiares (35,2%), seguido do envío do currículo por iniciativa propia (27,8%) e os anuncios en medios de comunicación, taboleiros e Internet (11,1%), que seguen sendo a terceira canle en importancia, pero perden peso respecto ao último emprego.

O 45,7% do alumnado continúa estudando tras rematar o ciclo formativo, o que supón una considerable redución: o 6,4%, respecto aos datos da edición pasada. O 41,3% prosegue os seus estudos con outro ciclo formativo, o 19,6% cunha carreira universitaria e o 39% con outro tipo de formación (cursos para desempregados/as ou traballadores/as, por conta propia en centros de formación privados, preparando oposicións ou estudando idiomas, entre outros). Obsérvase, en comparación cos datos de 2016, un aumento de máis do 10% (nese ano rexistrábase un 30,2%) no alumnado que opta por continuar estudando outro ciclo formativo, en detrimento doutras opcións.

Por último, o 11,5% dos alumnos e das alumnas declara ter a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, a maior parte a medio prazo, entre un e tres anos (10,8%). Tan só o 2,3% declara ter xa un negocio en marcha. Esta iniciativa emprendedora é algo máis común entre os homes, entre o alumnado de ciclos de grao superior e, particularmente, entre aquel matriculado nos centros da provincia de Ourense.

2.1.2. A inserción laboral do alumnado

A **taxa de inserción laboral do alumnado de Formación Profesional** que rematou a formación en centros de traballo no ano 2017 en Galicia é do **85,4%**. Esta porcentaxe representa a proporción, sobre o conxunto do alumnado activo, de alumnos/as que durante a realización da enquisa estaban traballando.

A proporción de persoas en busca de emprego é do 14,6%, unha cifra inferior respecto da constatada no informe da anterior enquisa. Convén precisar que, dentro do colectivo de persoas activas, non se inclúen aquelas que estiveran cursando algún tipo de estudos sen compatibilizalo con algún emprego cando se realizou a enquisa.

Aínda que a taxa de inserción laboral é mellor entre as mulleres, a diferenza cos homes é mínima. Tamén mellora segundo van aumentando a idade do alumnado e o grao do ciclo. Por provincias, detéctanse diferenzas mínimas que oscilan entre o 84 e o 87,9%.

Figura 8. Gráfica da inserción laboral actual do alumnado activo




Figura 9. Gráfica da inserción laboral actual do alumnado activo por grupos de idade




Figura 10. Gráfica da inserción laboral actual do alumnado activo por sexos




Figura 11. Gráfica da inserción laboral actual do alumnado activo por grao do ciclo




Figura 12. Gráfica da inserción laboral actual do alumnado activo de ciclos de Formación Profesional Básica por sexos




Figura 13. Gráfica da inserción laboral actual do alumnado activo de ciclos formativos de grao medio por sexos




Figura 14. Gráfica da inserción laboral actual do alumnado activo de ciclos formativos de grao superior por sexos






Figura 15. Gráfica da inserción laboral actual do alumnado activo por provincia do centro formativo



2.1.3. A situación principal do alumnado

Sobre o conxunto global do alumnado que rematou a FCT no ano 2017 (14 168 persoas), a porcentaxe de persoas que están ocupadas (é dicir, que traballan polo menos unha hora á semana ou que contan cun emprego aínda que estean ausentes no momento da enquisa —por baixa, vacacións ou outro motivo—) ascende a un 64,9%; unha cifra que representa xa a maioría. De novo, supérase amplamente o dato obtido hai dous anos (47,2%). Tendo en conta a situación xeral vixente entre o total de alumnos/as, tamén se rexistra un 22,6% de persoas que optan, de forma prioritaria, por continuaren estudando en lugar de tentar entrar no mercado de traballo. Nesta situación encóntrase o 11,1%. Por outra banda, o 1,4% rexistra algunha outra circunstancia (figura 16).

Figura 16. Gráfica da situación principal actual do alumnado que rematou a FCT no ano 2017



Analizando a **actividade principal** do alumnado segmentado por grupos de idade, obsérvase con claridade como a cifra de traballadores/as vaise incrementando conforme ascende a idade do alumnado. Deste xeito, como mostra a seguinte gráfica, a taxa de ocupación máis baixa corresponde á dos/das menores de 20 anos (cun 37,4%) que é, non obstante, o grupo menos numeroso (non acada o 10% do total de titulados/as). Destaca a porcentaxe de persoas traballadoras no grupo de alumnos e alumnas de 30 ou máis anos, que ascende ata un 76%, non moi por enriba do segundo grupo con maior ocupación: os alumnos/as de entre 25 e 29 anos (74,4%). En todos os casos, cabe salientarse que os niveis de ocupación do alumnado que rematou a FCT en 2017 son superiores ás taxas xerais rexistradas en Galicia para eses segmentos de idade no segundo trimestre do ano 2018, como se aprecia na figura 17.

Figura 17. Gráfica da situación principal actual do alumnado que rematou a FCT no ano 2017 por grupos de idade





Figura 18. Táboa das taxas de ocupación das persoas traballadoras en Galicia por grupos de idade. Segundo trimestre de 2018. Fonte: EPA-IGE

Grupo de idade	Poboación total (miles)	Ocupados/as (miles)	Taxa de ocupación
16 a 19	85,7	4,2	4,9%
20 a 24	108,6	34,5	31,8%
25 a 29	124,3	83,5	67,2%
30 a 64 anos	2 014,7	953,6	47,3%

De novo, como en edicións anteriores do estudo, atópanse certas diferenzas entre sexos na ocupación, tal e como se aprecia na figura 19. A porcentaxe de homes que remataron a FCT no ano 2017 e que traballan no momento da recompilación dos datos é dun 66,4%, fronte ao 63,4% nas mulleres. Con todo, a diferenza entre sexos é menor nesta quenda (para as persoas que remataron a FCT en 2015 situábase no 5,8%). A proporción de homes que procuran emprego é tamén un pouco superior á de mulleres (11,9 e 10,2%, respectivamente). Isto débese a que hai máis mulleres inactivas (o 26,4% fronte ao 21,7% de homes).


Figura 19. Gráfica da situación principal actual do alumnado que rematou a FCT no ano 2017 por sexos



Segundo o nivel dos ciclos formativos, é moi significativa a diferenza que existe entre a FP Básica, que conta cunha taxa de ocupación do 32,8%, e a FP nos graos medios e superiores.

Esta titulación de nivel inferior rexistra tamén o maior número de demandantes de emprego (22,8%) e de alumnos/as que continúan nalgún outro itinerario formativo (43,0%). Entre os graos medio e superior, os datos de ocupación e procura de emprego son semellantes, se ben no grao superior o número de traballadores e traballadoras é sensiblemente maior que no grao medio (68,8% fronte ao 65,3%).

Figura 20. Gráfica da situación principal actual do alumnado que rematou a FCT no ano 2017 por grao do ciclo



Nas figuras 21, 22 e 23, analízase a inserción laboral do alumnado polo grao do ciclo formativo e por sexos. Destes datos despréndese de novo certa desigualdade entre homes e mulleres (o nivel de ocupación é superior nos primeiros). As maiores diferenzas danse nos ciclos de grao superior, cunha taxa de ocupación do 73,5% e do 64,6%, respectivamente. Resulta pertinente subliñar que na FP Básica, en contraste cos outros graos, obsérvase que unha maior ocupación masculina non vai acompañada dunha porcentaxe máis elevada de homes que de mulleres en busca de emprego, senón que estes decántanse en maior medida por continuar os seus estudos.

Figura 21. Gráfica da situación principal actual do alumnado de FP básica que rematou a FCT no ano 2017 por sexos




Figura 22. Gráfica da situación principal actual do alumnado de ciclos de grao medio que rematou a FCT no ano 2017 por sexos






Figura 23. Gráfica da situación principal actual do alumnado de ciclos de grao superior que rematou a FCT no ano 2017 por sexos



Por provincias, son os centros de FP de Pontevedra os que contan coa maior taxa de ocupación de alumnos/as que remataron a FCT no ano 2017, en concreto o 67,1%. Con poucas diferenzas entre si, séguenlle Ourense, A Coruña e Lugo co 64%, 63,6% e 63,2% de persoas que ocupan un posto de traballo, respectivamente.

Figura 24. Gráfica da situación principal actual do alumnado que rematou a FCT no ano 2017 por provincia do centro




- **Desempeño dalgún posto de traballo tras finalizar a FCT**

O **75,7% do alumnado (unhas 10 733 persoas)** desempeñou algún emprego despois de rematar a FCT en 2017, o que supón unha considerable mellora (de máis de 10 puntos) respecto á última edición do estudo, que rexistraba un 64,7% de persoas que traballaran nalgún momento.

Como reproduce a Figura 25, do total de alumnos/as, o 64,9% continúa traballando, o 8,6% está desempleado na actualidade pero tivo algún emprego tras concluír a FCT e o 2,2% xa obtivera ese posto mentres estudaba aínda que neste intre carece del.


O 24,2% dos alumnos e das alumnas aínda non conseguiu ningún traballo despois de rematar a súa formación. Esta porcentaxe redúcese en 11,1 puntos con respecto á de hai dous anos, que supoñía o 35,3% do total do alumnado.

Figura 25. Gráfica da obtención dalgún emprego desde o remate da FCT




Segundo a idade do alumnado, obsérvase na figura 26 que a porcentaxe de alumnos/as que obtiveron algún emprego despois de finalizar a FCT aumenta conforme o fai aquela. Polo tanto, o dato de inserción menos positivo preséntase no colectivo de persoas menores de 20 anos (52,9%), seguido do alumnado de entre 20 e 24 anos (cun 33,5%). Nos/nas maiores de 30, esta situación só acada un 14%, algo por debaixo do 15,8% rexistrado na franxa dos 25 aos 29.

Figura 26. Gráfica da obtención dalgún emprego desde o remate da FCT por grupos de idade



Atendendo ao sexo, a proporción de alumnos/as que non atoparon ningún emprego tras rematar o ciclo é un pouco maior nas mulleres: 24,6%, mentres que nos homes é do 23,9% (figura 27), se ben as diferenzas reducíronse respecto aos datos expostos no estudo anterior.

Figura 27. Gráfica da obtención dalgún emprego desde o remate da FCT por sexos



Continuando cos resultados (ver figuras 28 e 29), dáse unha maior porcentaxe de persoas que non lograron emprego entre o alumnado de Formación Profesional Básica en comparación co dos ciclos medios e superiores: entre estas dúas modalidades, os ciclos de grao medio presentan maior proporción de non inserción. Por provincias, o dato citado é maior nos centros de FP de Lugo, aínda que as diferenzas non son demasiado acusadas.

Figura 28. Gráfica da obtención dalgún emprego desde o remate da FCT por grao do ciclo






Figura 29. Gráfica da obtención dalgún emprego desde o remate da FCT por provincia do centro



- **Tempo que o alumnado tarda en atopar emprego**


De entre o mencionado 75,8% do alumnado que desempeñou algún emprego despois de rematar a FCT, o 21,9% xa o posuía antes de comezar o ciclo formativo e o 7,6% conseguíuno mentres estudaba. É dicir, un 29,5% dos/das alumnos/as xa contaba cun emprego no momento de rematar o ciclo. Doutra banda, a maioría do alumnado (un 57,4%) encontrou emprego no intervalo de tempo comprendido entre o remate da FCT e os seis meses posteriores. Ademais, unha porcentaxe moi ampla, o 34%, conseguíuno de xeito inmediato. Só un 13,2% tardou máis de seis meses en dispoñer de traballo; en cifras concretas, un 10,2% atopouno antes dos 12 meses e un 3%, despois do primeiro ano (figura 30). Estes datos mostran unha tendencia, a grandes liñas, similar á manifestada na pasada edición do informe.

Figura 30. Gráfica do tempo que o alumnado tarda en obter un emprego desde o remate da FCT



Analizando a idade do alumnado (ver figura 31), a porcentaxe de persoas que tiñan un emprego antes de rematar os estudos vai aumentando a medida que ascende a idade. Isto representa un importante colectivo de traballadores/as que deciden realizar un ciclo formativo para mellorar a súa empregabilidade. Entre as persoas menores de 20 anos, encontrábase nesta situación o 15,8%, fronte ao 45,3% das maiores de 30. En consecuencia, nos colectivos de menor idade atópase unha maior porcentaxe de alumnos e alumnas que obteñen un emprego de forma inmediata ou antes dos seis meses tras rematar os estudos. Precisamente o segmento superior (o dos/das maiores de 30 anos) é o único no que esta situación non se dá de xeito maioritario (45,5%).


Figura 31. Gráfica do tempo que o alumnado tarda en obter un emprego desde o remate da FCT por grupos de idade



Atendendo ao sexo, tras finalizar a FCT unha maior porcentaxe de mulleres que de homes tarda máis de seis meses en atopar un emprego: un 15,5% fronte a un 10,9%. En contrapartida, son máis as mulleres que remataron a FCT cun posto de traballo. Aínda así, en ambos os casos


a maioría dos alumnos e das alumnas atopan emprego inmediatamente despois de rematar o ciclo ou nos seis meses seguintes (figura 32).

Figura 32. Gráfica do tempo que o alumnado tarda en obter un emprego desde o remate da FCT por sexos




Segundo o grao do ciclo formativo (figura 33), a porcentaxe de persoas que obtiveron emprego antes de comezar o ciclo ou mentres o estudaban é maior nos/nas alumnos/as de grao medio que nos/nas de grao superior (30,9% fronte ao 29,3%), se ben a proporción é moito menor na FP Básica (16,6%). Así mesmo, é na FP Básica onde se rexistra a porcentaxe máis elevada de alumnos/as que non atopan emprego ata pasado un ano de rematar o ciclo.

Figura 33. Gráfica do tempo que o alumnado tarda en obter un emprego desde o remate da FCT por grao do ciclo



Por provincias, son os centros de Lugo os que acaparan un maior número de alumnos e alumnas que xa tiñan emprego antes rematar o ciclo (38,9%). En Ourense rexístrase unha proporción superior ao resto de zonas de persoas que tardan máis de 12 meses en atopar traballo (16,8%). Nos centros da Coruña e Pontevedra é significativamente maior a cantidade de alumnado que consegue emprego nos seis meses posteriores á finalización do ciclo.

Figura 34. Gráfica do tempo que o alumnado tarda en obter emprego por provincia do centro



2.1.4. Descrición do último emprego

A continuación, recóllese unha descrición do último emprego desenvolvido polo alumnado que rematou a FCT no ano 2017 e que na actualidade non está traballando. Máis adiante, no capítulo 2.1.5, descríbese o emprego actual desenvolvido polos alumnos e as alumnas que están traballando no momento de aplicar a enquisa.


Así pois, neste capítulo e no 2.1.5 detállanse dous tipos de emprego e cada un engloba un número estimado de alumnos/as sobre o universo de persoas que remataron a FCT no ano 2017:

- ✓ Último emprego: alumnado que tivo un posto de traballo tras rematar a FCT pero que na actualidade xa non o ten (1 535 persoas).
- ✓ Emprego actual: alumnado que está traballando no momento da realización da enquisa (9 198 persoas).

- **Relación entre o ciclo estudado e o posto desempeñado no último emprego**

De entre as persoas que acadaron un emprego tras rematar a FCT pero que agora non están traballando, o 59,3% considera que ocupou un posto de traballo relacionado co ciclo cursado, o que supón un lixeiro aumento comparado aos rexistros de 2016 (56,8%). A maioría delas, un 48,6% do total de alumnos/as, considera que dito emprego axustábase ao nivel de capacitación do ciclo.

Figura 35. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o último emprego



Como se recolle nas seguintes gráficas (figuras 36 a 38), a porcentaxe de individuos que atopan un emprego vinculado ao ciclo formativo é maior nos homes que nas mulleres (64% fronte ao 55,3%) e nos centros de Pontevedra con respecto ás outras provincias (63%). Por nivel do ciclo, a Formación Profesional Básica presenta unha empregabilidade máis desligada das materias dos estudos (menos do 40% dos/das alumnos/as lograron atopar traballo vinculado ao estudo) e, de entre os ciclos medios e superiores, é o alumnado de grao medio o que en maior medida consegue un posto de traballo relacionado co estudo (67%).

Figura 36. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o último emprego por sexos




Figura 37. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o último emprego por grao do ciclo





Figura 38. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o último emprego por provincia do centro




- **Vías de acceso ao último emprego**

As prácticas formativas de FP nas empresas (Formación en Centros de Trabajo ou FCT) establecen unha conexión directa entre o mundo educativo e o produtivo e completan a formación do/da alumno/a ao permitirlle aplicar os coñecementos que aprendeu na aula, adquirir novas capacidades e habilidades da realidade empresarial e experimentar un achegamento inicial ao mercado de traballo e aos contactos profesionais. Supoñen, ademais, unha oportunidade para que o alumnado poida ser contratado polas mesmas empresas nas que desenvolveu estas prácticas. De feito, esa constitúe unha das principais vías de inserción

laboral do alumnado de Formación Profesional. Por iso, esta canle trátase de forma diferenciada ás demais no presente informe.


Como mostra disto, na figura 39ponse de manifesto que o 26,2% do alumnado que neste momento non se atopa traballando obtivo o seu primeiro emprego na empresa onde realizou a FCT. Esta porcentaxe (que representa un número de 402 alumnos e alumnas respecto ao universo) é practicamente idéntica á recollida na edición anterior do informe (26,4%).

Figura 39. Gráfica do último emprego na empresa onde se realizou a FCT



Na figura 40 analízanse outras vías polas que o alumnado accedeu ao emprego que atopou tras rematar FCT pero que non o mantén. A máis habitual (363 persoas) foi a través de contactos persoais ou familiares (un 32%), tal e como acontecía na edición de 2016. En segundo lugar continúa o envío do currículo por iniciativa propia (27%), que medrou en importancia desde a última quenda. Séguenlles o recurso a anuncios en medios de comunicación ou na Internet, cun 15,5%. O resto de vías non chegan ao 10% de eficacia. O autoemprego ten nula representatividade como alternativa para acadar o primeiro posto de traballo, pois o alumnado barállao máis cando xa adquiriu certa experiencia profesional ou cando leva un tempo na procura de emprego.

Figura 40. Gráfica das outras vías de inserción laboral no último emprego



Diferenciando estes mesmos resultados polo sexo dos/das alumnos/as (figuras 41 e 42), atópanse diferenzas significativas nas taxas de persoas contratadas na mesma empresa na que realizaron as prácticas: os homes presentan unha porcentaxe máis alta que as mulleres, un 28,2% fronte ao 24,6% (invértese a situación observada no informe anterior). Do resto de canles pódese salientar que as mulleres atopan emprego en maior medida que os homes mediante anuncios na prensa ou na Internet, mentres que eles presentan máis porcentaxe de éxito a través de contactos persoais (aínda que esta vía é a máis común para ambos os sexos).

Figura 41. Gráfica do último emprego na empresa onde se realizou a FCT por sexos





Figura 42. Gráfica das outras vías de inserción laboral no último emprego por sexos



A porcentaxe de alumnos/as que acadan o seu último emprego na empresa onde realizaron a formación práctica é maior nos/nas titulados/as de graos medios e superiores que da FP Básica. De igual xeito, é máis alta no grao superior (27,7%) que no medio (25,5%), como consta na figura 43. Atendendo ás demais vías, obsérvase que os contactos persoais e a iniciativa propia destacan sobre o resto na FP Básica, onde é residual recorrer ás ETT, aos anuncios ou ao propio centro educativo. Cabe destacar, ademais, que esta última canle é moito máis habitual nos graos medios (10,5%) que nos superiores (3,8%).

Figura 43. Gráfica do último emprego na empresa onde se realizou a FCT por grao do ciclo





Figura 44. Gráfica das outras vías de inserción laboral no último emprego por grao do ciclo



En relación coa provincia do centro formativo, nas escolas de Pontevedra e A Coruña rexístrase a maior porcentaxe de persoas que obteñen o seu último emprego na empresa onde realizaron a FCT (28,5% e 28%), tal e como sucedía no estudo de 2016. No lado oposto atopamos os centros de Ourense (18%) e Lugo (14,6%). En canto ao resto de canles, existen diferenzas salientables: en Ourense, os contactos persoais son a canle que máis destaca (acompañada dun menor uso da iniciativa propia), e o centro educativo insire máis alumnos/as en Pontevedra que nos resto das provincias.

Figura 45. Gráfica do último emprego na empresa onde se realizou a FCT por provincia do centro





Figura 46. Gráfica das outras vías de inserción laboral no último emprego por provincia do centro



2.1.5. Descrición do emprego actual


Despois de analizar as características do último traballo obtido polo alumnado actualmente desempleado tras rematar a FCT, recóllese de seguido unha descrición do posto que desempeñan no presente os alumnos e as alumnas ocupados. Igual que no caso do primeiro posto traballo, esta información é crucial, xa que permite coñecer o grao de adecuación das actividades e funcións que se levan a cabo nos traballos á formación recibida nos estudos. Ademais, recompílanse datos sobre a vía pola que se conseguiu o emprego.

Un total de 9 198 alumnos/as están a traballar no momento da realización da enquisa. Como se expón no capítulo 2.1.3, o 75,8% do total do alumnado (estimado nunhas 10 733 persoas) ocupou algún posto de traballo tras rematar a FCT. Isto amosa que máis de oito de cada 10 alumnos/as que tiveron algún emprego ao rematar os estudos continúan traballando, sexa na mesma empresa ou noutra distinta.

- **Relación entre o ciclo estudado e o posto desempeñado no emprego actual**

Do alumnado que está traballando, o 65,9% ocupa postos de traballo relacionados co ciclo formativo estudado. Este resultado avantaxa os datos mostrados na análise do último emprego (59,3%), o que reflicte unha mellora no encadramento dos postos de traballo en ámbitos de actividade máis afíns á formación estudada. Destaca que só un 9,6% do total afirma contar cun posto de traballo para o que está sobrecapacitado/a (un punto por debaixo das persoas que xa non traballan pero que traballaron no pasado: 10,7%).

Figura 47. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual



Esta porcentaxe de alumnos/as que na actualidade desenvolven un traballo que garda relación cos estudos cursados é levemente maior nos homes, no alumnado dos ciclos de grao superior e nos centros das provincias da Coruña e Lugo (figuras 48, 49 e 50).

Figura 48. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual por sexos




Figura 49. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual por grao do ciclo






Figura 50. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual por provincia do centro




- **Vías de acceso ao emprego actual**

Entre o alumnado que continúa traballando, permanecer no centro en que fixo a FCT é unha das principais canles de empregabilidade, cun resultado do 29,6% (unha porcentaxe maior que no caso das persoas que xa non traballan: un 26,2%). Dita porcentaxe supón unha estimación total de 1 812 persoas.

Figura 51. Gráfica do emprego actual na empresa onde se realizou a FCT

O 70,4% restante do alumnado ocupado obtivo o seu actual emprego por medio doutras vías, que se relacionan na figura 52. Entre estas, repítese a mesma clasificación que se recollía para o último emprego e en edicións anteriores do informe: a vía máis recorrente, de novo, son os contactos persoais co 35,2%, seguida polo envío de currículos por iniciativa propia (27,5%) e os anuncios na prensa, nos taboleiros e na Internet (11,1%). De entre todos os demais modos de acceso ao emprego actual, destaca o caso do autoemprego, que agora supón un 3% cando no primeiro traballo non se rexistraban casos de recurso a esta canle.

Figura 52. Gráfica das outras vías de inserción laboral no emprego actual

Por sexos, os homes adoitan atopar con máis frecuencia o seu emprego actual mediante a empresa na que realizan a FCT (figura 53), se ben a diferenza reduciuse en comparación cos datos de 2016. Na figura 54 preséntanse os resultados das persoas que utilizan outra vía. Estes resultados reflicten unha distribución por sexos bastante semellante: a maioría conseguen o emprego grazas a contactos persoais (aínda que en maior medida os homes), á solicitud por

iniciativa propia e aos anuncios en diferentes medios (neste caso, nunha proporción maior as mulleres).

Figura 53. Gráfica do emprego actual na empresa onde se realizou a FCT por sexos





Figura 54. Gráfica das outras vías de inserción laboral no emprego actual por sexos



Con relación ao nivel do ciclo, os de grao superior (tal e como se presenta na figura 55), manifestan unha maior proporción de alumnos/as que atoparon o seu emprego actual no centro de FCT (30,4%). Do resto de vías empregadas, a orde de importancia xa citada mantense a grandes liñas (excepto na PF Básica, onde os contactos profesionais colócanse en terceiro lugar superando aos anuncios). Sobresae o elevado recurso aos contactos persoais na PF Básica, que alcanza unha porcentaxe do 63,1%.

Figura 55. Gráfica do emprego actual na empresa onde se realizou a FCT por grao do ciclo





Figura 56. Gráfica das outras vías de inserción laboral no emprego actual por grao do ciclo



As provincias de Pontevedra e A Coruña, igual que ocorría na edición anterior do estudo, obteñen a maior proporción de postos de emprego actuais adquiridos na empresa na que o/a alumno/a desempeñou as súas prácticas. O caso contrario sucede nos centros da provincia de Ourense. Entre as demais posibles vías de acceso ao traballo en vigor, é salientable o elevado peso da solicitude a iniciativa propia entre o alumnado dos centros da provincia de Pontevedra e dos contactos profesionais entre o que rematou a FP en Lugo.

Figura 57. Gráfica do emprego actual na empresa onde se realizou a FCT por provincia do centro





Figura 58. Gráfica das outras vías de inserción laboral no emprego actual por provincia do centro



2.1.6. Continuidade doutros estudos

O 45,7% do alumnado que rematou a FCT en 2017 (6 476 persoas) continúa os seus estudos. Esta porcentaxe supón unha redución do 6,4% respecto aos datos de hai dous anos (52,1%). Dese total, o 48,9% tamén traballa e o 20,8% compatibiliza os estudos coa procura de emprego. Por outra banda, a dedicación exclusiva aos estudos conforma a actividade de tan só o 25,2% das persoas que seguen estudando.

Figura 59. Gráfica do alumnado que segue estudando






Figura 60. Gráfica da situación actual do alumnado que segue estudando



A figura 61 amosa as porcentaxes das persoas que seguen formándose segundo a súa situación actual. Nela reflíctese que dos alumnos e das alumnas que están a traballar actualmente, o 33,2% compaxinao co proseguimento da súa formación. Iso comporta unha estimación de 3 057 persoas que se atopan traballando e estudando, o que supón un descenso do 6% respecto aos últimos datos. Por outro lado, das persoas que declararon que buscar emprego constituía a súa principal actividade, estuda o 43,4% (neste caso, a porcentaxe é superior en case 6 puntos á rexistrada na quenda anterior: 37,6%).

Figura 61. Gráfica do alumnado que segue estudando segundo a súa situación actual



Atendendo aos diferentes tipos de estudos, un 41,3% dos alumnos e das alumnas que seguen completando a súa formación fano con outro ciclo formativo, o 19,6% cunha carreira universitaria e o 39% con outra clase de formación (cursos para desempregados/as ou traballadores/as, preparación de oposicións, estudo por conta propia, asistencia a centros de formación privados, idiomas, etc.) —figura 62—.

Figura 62. Táboa do tipo de estudos escollidos polo alumnado que segue estudando

Tipo de estudos		% de alumnado que o estuda	
Formación profesional			41,3%
Estudios universitarios	Ciencias da saúde e experimentais	6,4%	19,6%
	Ciencias sociais e xurídicas	9,2%	
	Ciencias	1,2%	
	Ensinanzas técnicas	2,2%	
	Artes e humanidades	0,7%	
Outro tipo de formación	Cursos de formación ocupacional, continua ou similar	4,9%	39,0%
	Preparando oposicións en academia ou pola súa conta	13,8%	
	Outros cursos en centros de formación privados	6,6%	
	Outros	13,7%	

Tal e como se observou na edición pasada do estudo, a porcentaxe de alumnas que seguen estudando é maior que a de alumnos (o 49,7% fronte ao 41,8%). Tamén se reproducen as proporcións en canto ao tipo de estudos que desempeñan, dos cales a opción máis común con diferenza é a Formación Profesional entre os homes (o 52,1% fronte o 32,1%), mentres que as carreiras universitarias son máis populares entre as mulleres (figuras 63 e 64).

Figura 63. Gráfica do alumnado que segue estudando por sexos





Figura 64. Gráfica do tipo de estudos escollidos polo alumnado que segue estudando por sexos



A figura 65 representa a distribución do alumnado que continúa a estudar segundo o grao do ciclo de FP que rematou con anterioridade. Obsérvase de maneira moi evidente que, a medida que aumenta o nivel do ciclo, como é lóxico, descende o número de persoas que seguen formándose (así, pásase do 54,9% na FP Básica ao 44,0% no grao superior). Do mesmo xeito, a proporción de universitarios e universitarias aumenta en paralelo ao nivel do ciclo, en tanto que na FP sucede á inversa.

Figura 65. Gráfica do alumnado que segue estudando por grao do ciclo





Figura 66. Gráfica do tipo de estudos escollidos polo alumnado que segue estudando por grao do ciclo



As provincias de Ourense e Lugo recollen as porcentaxes máis altas de alumnos e alumnas que continúan estudando na actualidade. Ademais, en Ourense reúnese máis estudantado universitario que no resto de provincias, mentres que Lugo presenta a maior proporción de persoas que proseguen a súa formación con outra FP (figuras 67 e 68).

Figura 67. Gráfica do alumnado que segue estudando por provincia do centro





Figura 68. Gráfica do tipo de estudos escollidos polo alumnado que segue estudando por provincia do centro




2.1.7. Carácter emprendedor do alumnado

En capítulos anteriores recolleuse, entre outras características, o tipo de vía pola que os alumnos e as alumnas accederon ao seu posto actual, así como o medio empregado polas persoas que agora mesmo non están ocupadas para atopar o seu primeiro traballo tras rematar as prácticas do ciclo. Atendendo aos resultados do autoemprego, este pasa de non se utilizar como canle de inserción laboral para o primeiro emprego a acadar o 3% de entre todas as vías no caso do traballo actual. Isto reflicte que a iniciativa emprendedora impúlsase pasado un período desde a finalización dos estudos.

O transcurso do tempo permite aos alumnos e ás alumnas adquirir experiencia na súa profesión e realizar contactos profesionais suficientes para os/as animar a traballar por conta propia. Deste modo, introdúcese no informe a análise da iniciativa emprendedora do alumnado que rematou a FCT no ano 2017 para coñecer a súa intención de crear unha empresa propia a curto prazo (menos dun ano) ou medio prazo (entre un e tres anos).

O 11,5% do alumnado (aproximadamente 1 641 persoas) declara ter a intención de crear a súa propia empresa nun futuro (un 10,8% planea facelo a medio prazo e un exíguo 0,7% nun prazo inferior a 12 meses). Tamén hai que indicar que o 2,3% dos/das alumnos/as, un total de 322 persoas, xa contan co seu propio negocio.

Figura 69. Gráfica da intención do alumnado de crear a súa propia empresa



Esta iniciativa emprendedora maniféstase máis nos homes (12,5%) que nas mulleres (10,7%), no alumnado dos ciclos de grao superior (12,5%) que nos de grao medio (10,9%) ou FP Básica (8,1%) e nos/nas alumnos/as dos centros da provincia de Ourense (15,1%) —figuras 70 a 73—.

Figura 70. Gráfica da intención do alumnado de crear a súa propia empresa por sexos




Figura 71. Gráfica da intención do alumnado de crear a súa propia empresa por grao do ciclo





Figura 72. Gráfica da intención do alumnado de crear a súa propia empresa por provincia do centro



2.2. Resultados por familias

Neste apartado preséntanse os resultados obtidos no estudo para as distintas familias profesionais nas que se engloban os ciclos formativos, facendo primeiro unha análise comparativa das familias para cada variable e, en segundo lugar, recollendo os resultados pormenorizados familia a familia.

Para esta análise deberase ter en conta que o volume de alumnado que rematou a formación en centros de traballo de Galicia no ano 2017 queda distribuído por familias profesionais da seguinte forma:

Figura 73. Táboa do alumnado que rematou a FCT no ano 2017 por familias profesionais de FP

Familia profesional de FP	Alumnado que rematou FCT en 2017		
	Mulleres	Homes	Total
Actividades físicas e deportivas	321	116	437
Administración e xestión	703	1 144	1 847
Agraria	204	86	290
Artes gráficas	73	71	144
Comercio e márketing	346	437	783
Edificación e obra civil	64	46	110
Electricidade e electrónica	991	96	1 087
Enerxía e auga	70	18	88
Fabricación mecánica	495	47	542
Hostalaría e turismo	498	510	1 008
Imaxe e son	236	103	339
Imaxe persoal	31	491	522
Industrias alimentarias	97	106	203
Informática e comunicacións	885	194	1 079
Instalación e mantemento	253	69	322
Madeira, moble e cortiza	138	16	154
Marítimo-pesqueira	190	76	266
Química	131	166	297
Sanidade	546	1 848	2 394
Seguridade e medio ambiente	25	21	46
Servizos socioculturais e á comunidade	274	1 001	1 275
Téxtil, confección e pel	10	67	77
Transporte e mantemento de vehículos	786	72	858
TOTAL	7 367	6 801	14 168

2.2.1. Diagnose comparativa das familias

- **Resultados da análise da inserción laboral por familias profesionais**

Analizando a taxa de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT no ano 2017 por familias profesionais, destaca que o nivel máis alto preséntase nas familias: *Actividades físicas e deportivas, Seguridade e medio ambiente, Instalación e mantemento e Fabricación mecánica*, todas por enriba do 90% (recórdese que o valor dos resultados globais é do 85,4%). As cotas máis baixas, por debaixo do 80%, corresponden a *Téxtil, confección e pel; Comercio e márketing e Artes gráficas*.

Figura 74. Gráfica da inserción laboral do alumnado que rematou a FCT no ano 2017 por familias profesionais




Figura 75. Táboa das familias profesionais con maior inserción laboral

Familia profesional	Titulados/as na familia	Persoas tituladas activas	Taxa de inserción laboral
Actividades Físicas e Deportivas	437	235	96,0%
Seguridade e Medio Ambiente	46	13	93,7%
Instalación e Mantemento	322	180	92,8%
Fabricación Mecánica	542	363	92,7%
Enerxía e Auga	88	27	90,3%
Servizos Socioculturais e á Comunidade	1275	910	89,6%

A análise da situación xeral do conxunto global do alumnado distribuído por familias profesionais recóllese na figura 76. As familias coas maiores porcentaxes de persoas traballadoras sobre o total de estudantes no citado ano son: *Instalación e mantemento*, *Enerxía e auga*, *Marítimo-pesqueira*, *Seguridade e Medio ambiente* e *Fabricación Mecánica*. As súas taxas de ocupación (todos os alumnos e alumnas) sitúanse no intervalo entre o 75,6% e o 85,8%, mentres que o resultado da taxa de ocupación total rexistrouse en 64,9%. Pola contra, as familias cos niveis máis baixos son: *Téxtil, confección e pel* (54,9%); *Madeira, moble e cortiza* (53,6%) e *Artes gráficas* (53%). En relación á enquisa da edición anterior, *Fabricación mecánica*, *Seguridade e medio ambiente* e *Marítimo-pesqueira* manteñen as súas posicións máis elevadas na clasificación.

Figura 76. Táboa das familias profesionais con maiores taxas de ocupación

Familia profesional	Titulados/as na familia	% traballando
Instalación e Mantemento	322	85,8%
Enerxía e Auga	88	77,1%
Marítimo-Pesqueira	266	76,1%
Seguridade e Medio Ambiente	46	76,0%
Fabricación Mecánica	542	75,6%

As familias profesionais *Electricidade e electrónica*, *Comercio e márketing* (que tamén ocupaba os primeiros lugares en 2016) e *Téxtil, confección e pel* son as que contan con máis alumnos/as en busca de emprego (por enriba do 17%). En canto ao alumnado que continúa estudando como actividade principal, *Informática e comunicacións* substitúe a *Actividades físicas e deportivas* na primeira posición da lista co 32,2%.


Figura 77. Táboa das familias profesionais con máis alumnado que rematou a FCT e busca emprego

Familia profesional	% buscando emprego
Electricidade e Electrónica	19,3%
Comercio e Márketing	19,0%
Téxtil, Confección e Pel	17,9%
Imaxe e Son	16,6%

Figura 78. Táboa das familias profesionais con máis alumnado que estuda como actividade principal

Familia profesional	% estudando
Informática e Comunicacions	32,2%
Servizos Socioculturais e á Comunidade	31,9%
Sanidade	31,2%
Artes Gráficas	30,1%

Figura 79. Gráfica da situación actual do alumnado que rematou a FCT no ano 2017 por familias profesionais



Con relación ao contacto co mercado laboral do colectivo de alumnos e alumnas (figuras 80 e 81), infírese que as familias con maiores porcentaxes de persoas que si desempeñaron algún

emprego neste período son: *Instalación e mantemento, Actividades físicas e deportivas e Marítimo-pesqueira*. Pola súa banda, máis do 30% do alumnado das familias profesionais *Artes gráficas e Informática e comunicacións* (familia que xa presentaba o dato máis alto neste aspecto no estudo anterior, se ben sempre acompañado dunha porcentaxe moi elevada de alumnos/as que decidiron continuar cos seus estudos) non obtiveron ningún emprego desde que remataron a FCT do ciclo formativo estudado (a media xeral é do 24,2%).

Figura 80. Gráfica da obtención dalgún emprego por parte do alumnado tras rematar o ciclo formativo




Figura 81. Táboa das familias profesionais con maiores porcentaxes de alumnado que non obtivo ningún emprego tras rematar o ciclo formativo

Familia profesional	Titulados/as na familia	% non obtivo ningún emprego
Artes Gráficas	144	37,8%
Informática e Comunicacións	1079	35,0%
Sanidade	2394	29,6%
Comercio e Márketing	783	27,6%
Servizos Socioculturais e á Comunidade	1275	26,5%

Entre os alumnos e as alumnas que si tiveron algún emprego despois de rematar a FCT (estean ou non traballando na actualidade), destacan as familias *Seguridade e medio ambiente e Instalación e mantemento* por presentar as maiores porcentaxes de alumnado que atopou o posto laboral antes dos seis meses (incluíndo as persoas que xa o tiñan mentres estudaban e as que o atoparon inmediatamente despois de rematar o ciclo ou ata seis meses máis tarde). Ambas as familias superan o 95% e a primeira delas alcanza a cifra do 100%. Recórdese que a media xeral é do 86,8%.

Figura 82. Gráfica do tempo que tarda o alumnado en conseguir emprego por familias profesionais




Figura 83. Táboa das familias profesionais con maiores porcentaxes de alumnado que acadou emprego nos primeiros seis meses


Familia profesional	Titulados/as na familia	% emprego antes dos 6 meses
Seguridade e Medio Ambiente	46	100,0%
Instalación e Mantemento	322	95,3%
Hostalaría e Turismo	1008	94,4%
Edificación e Obra Civil	110	93,3%

- **Resultados do último emprego por familias profesionais**

Na análise das características do último emprego despois da FCT do alumnado que agora mesmo non está traballando, detéctanse dúas familias cunha porcentaxe superior ao 80% de postos de traballo relacionados co ciclo estudado: *Madeira, moble e cortiza* e *Hostalaría e turismo* (que xa presentaba as porcentaxes máis elevadas no informe de 2016). As familias máis afastadas desa cifra son *Química* e *Administración e xestión*, ambas as dúas por debaixo do 40%. É preciso ter en conta na análise destes datos que a media xeral sitúase no 59,3%.

Non obstante, se o que temos en conta é a adecuación do traballo ao estándar de capacitación adquirido no ciclo, son outras familias as que presentan porcentaxes máis elevadas: *Imaxe persoal, Imaxe e son* e *Industrias alimentarias*.


Figura 84. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o último emprego por familias profesionais⁵



Nas familias *Edificación e obra civil*; *Madeira, moble e cortiza* e mais *Téxtil, confección e pel* resulta máis habitual que no resto que as empresas nas que os/as alumnos/as realizaron as prácticas de FP os/as contraten. As tres acadan unha porcentaxe superior ao 40%, bastante elevada tendo en conta que a media total é do 26,2% (figura 85).

⁵ A familia *Seguridade e medio ambiente* conta con pouco alumnado, polo que non se conseguiron datos suficientes sobre o último emprego (só se rexistra un caso nesta situación).


Figura 85. Gráfica do último emprego na empresa onde se realizou a FCT por familias profesionais



En canto ás demais vías de inserción no mercado laboral, preséntase un patrón similar ao analizado nos resultados xerais en todas as familias: os contactos persoais e a iniciativa propia

son as dúas canles máis comúns en practicamente todas elas. Destaca a elevada proporción de solicitude a iniciativa propia en *Administración e xestión* (47,6%), do recurso a anuncios en *Comercio e márketing* (30,3%) e dos contactos, tanto persoais como profesionais, en *Edificación e obra civil* (sumados, ambos os tipos de contacto acadan o 100% dos individuos).

Figura 86. Gráfica das outras vías de inserción laboral no último emprego por familias profesionais




• **Resultados do emprego actual por familias profesionais**

Respecto ás características do emprego actual do alumnado que se atopa ocupado no momento de se realizar da enquisa, obsérvase que as familias *Comercio e márketing*, *Marítimo-pesqueira* e *Fabricación mecánica* presentan as maiores porcentaxes de adecuación entre o posto desempeñado e a formación recibida no ciclo, sempre por enriba do 75%, cando a media total é do 65,9%. No extremo oposto encóntrase a rama de *Sanidade*, única familia cuxa proporción é inferior ao 50% (41,2%).

En cambio, se temos en conta o nivel de capacitación esixido no traballo actual e a súa relación co adquirido no ciclo, a terna mencionada anteriormente mantense, se ben *Fabricación mecánica* vese substituída por *Edificación e obra civil*, a familia de maior porcentaxe (68,6%).


Figura 87. Gráfica da relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual por familias profesionais



En canto ás vías de acceso ao emprego actual, *Téxtil, confección e pel* (50%); *Fabricación mecánica* (41,9%) e *Química* (41,3%) atópanse entre as familias nas que resulta máis habitual

que o alumnado ocupe postos de traballo nas empresas onde fixo a FCT (as dúas primeiras familias xa ofrecían resultados semellantes no anterior informe). Debe recordarse que a media xeral é do 29,6%. En cambio, as ramas de *Imaxe e son* e *Imaxe persoal* só rexistran un 19,5% e un 17,6%, respectivamente.


Figura 88. Gráfica do emprego actual na empresa onde se realizou a FCT por familias profesionais



O resto de alumnos e alumnas acceden ao seu posto de traballo actual, como xa se viu con anterioridade, con maior frecuencia a través de contactos persoais ou da iniciativa propia, salvo nos casos de *Informática e comunicacións*, *Instalación e mantemento* e *Servizos socioculturais e á comunidade*, nos que o recurso a anuncios é a vía máis importante para atopar o emprego en vigor. Cabe salientar a eficacia da solicitude a iniciativa propia en *Edificación e obra civil* (38,7%), dos contactos profesionais en *Enerxía e auga* (17,6%) e dos

contactos persoais en *Madeira, moble e cortiza* e en *Téxtil, confección e pel* (en ambos os casos con porcentaxes do 50%).


Figura 89. Gráfica das outras vías de inserción laboral no emprego actual por familias profesionais



• **Resultados sobre a continuidade dos estudos por familias profesionais**

Das 23 familias, as que presentan unha maior porcentaxe de alumnado que decidiu continuar a súa formación son: *Seguridade e medio ambiente* (68,6%), *Informática e comunicacións* (67,1%), *Actividades físicas e deportivas* (66,5%) e *Sanidade* (65,1%), todas por enriba do 65% (figura 90). A porcentaxe global, como xa se viu, é do 54,3%. Polo contrario, son as ramas de *Electricidade e electrónica* e *Marítimo-pesqueira* as que presentan proporcións máis baixas.


Figura 90. Gráfica do alumnado que segue estudando por familias profesionais



Na seguinte gráfica amósase, para cada familia, a situación actual dos alumnos e das alumnas que seguen estudando de cara a identificar a proporción que compatibiliza o estudo cun traballo ou coa busca de emprego, ou ben que fai do estudo a súa actividade principal. O alumnado de *Instalación e mantemento* é o que maior porcentaxe rexistra de traballadores e traballadoras que tamén estudan, acadando case o 81,2%. Por enriba do 75% atópase tamén


Seguridade e medio ambiente, cun 76,7 %. Pola súa banda, a rama de *Artes gráficas* presenta a proporción máis elevada de alumnado que decidiu centrar os seus esforzos en continuar formándose (52,5%).

Figura 91. Gráfica da situación actual do alumnado que segue estudando por familias profesionais




Obsérvase na figura 92 que, en case todas as familias profesionais de FP, a maioría dos alumnos e das alumnas que traballan na actualidade deciden non continuar estudando á vez. Só en catro familias a proporción invértese: *Seguridade e medio ambiente*, *Actividades físicas e deportivas*, *Informática e comunicacions* e *Sanidade* (que rexistran un 69,2%, 56,2%, 54,8% e 53,2%, respectivamente, de individuos que compatibilizan o emprego con avanzar na súa formación). Pola contra, a rama na que máis titulados/as se dedican unicamente ao traballo é *Administración e xestión* (84,4%).

Figura 92. Gráfica da continuidade dos estudos do alumnado que traballa por familias profesionais



Existen amplas diferenzas entre as familias de FP en canto ao tipo de estudos que cursan aquelas persoas tituladas que decidiron continuar a súa formación. Optar por proseguir con outro ciclo de Formación Profesional é máis común en *Madeira, moble e cortiza* (75,7%) e *Industrias alimentarias* (71,9%). A formación universitaria é maioritaria no alumnado das ramas de *Servizos socioculturais e á comunidade* (43,2%) e *Actividades físicas e deportivas* (41,8%). Por último, nas familias *Seguridade e medio ambiente*, *Enerxía e auga* e *Administración e xestión* é, comparativamente, máis numeroso o alumnado que segue estudando e decide completar a súa formación sobre todo con outros tipos de ensinanzas, como preparación de oposicións, cursos en centros privados, cursos para desempregados/as ou traballadores/as, aprender idiomas, etc.


Figura 93. Gráfica do tipo de estudos escollidos polo alumnado que segue estudando por familias profesionais



• **Resultados do carácter emprendedor por familias profesionais**

Atendendo á iniciativa empresarial do alumnado que rematou a FCT no ano 2017, máis do 25% dos alumnos e das alumnas de *Téxtil, confección e pel* (29,8%) e *de Agraria* (29,3%) teñen xa a súa propia empresa ou manifestan a intención de creala nos vindeiros anos, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos). A primeira das familias tamén resultou ser a que rexistrou maior vontade emprendedora na anterior edición. Hai que indicar que o alumnado de *Enerxía e auga* (9,5%) declarou ter xa, en maior medida, negocios propios. Doutra banda, é *Seguridade e medio ambiente* a rama menos emprendedora (só o 5,7% ten ou pretende unha empresa).

Figura 94. Gráfica da intención do alumnado que rematou a FCT de crear a súa propia empresa por familias profesionais



2.2.2. Diagnose familia a familia

A continuación, recóllense os resultados para cada unha das 23 familias profesionais nas que se agrupan os ciclos de formación profesional cursados polos alumnos e as alumnas que remataron a FCT en 2017. Faise, en primeiro lugar, unha sucinta descrición dos principais datos da familia e expóñense deseguido as gráficas dos resultados acadados. O dato que se recolle sobre o alumnado activo fai referencia, como se indica no capítulo 2.1.2, ao colectivo dos alumnos e das alumnas que no período da realización do estudo están traballando ou buscando emprego de forma activa.



- **Actividades físicas e deportivas**

Actividades físicas e deportivas sitúase á cabeza en canto á inserción laboral: a súa taxa é do 96%. A taxa de ocupación, se ben por enriba da media xeral cun 70,7%, non é das máis altas, debido sobre todo a unha importante porcentaxe de persoas que continúan estudando: o 25,8%.



437
alumnos/as

Do mesmo xeito, a cota de persoas que non atoparon emprego desde que cursaron o ciclo tamén é moi reducida (a segunda máis baixa cun 12,6%). En canto ao tempo que o alumnado tarda en obter traballo, o 86,7% faino nos seis meses posteriores á FCT.


A porcentaxe de persoas que valoran que existe relación entre o seu posto de traballo actual e o ciclo que estudaron é do 60,7%, mentres que o 51,1% considera, ademais, que se corresponde co nivel de capacitación adquirido.

As cifras de traballadores/as que accederon ao seu posto grazas á empresa na que desenvolveron as prácticas están moi próximas á media. A vía máis estendida son os contactos persoais, especialmente no caso do último emprego (50%).


O 66,5% segue estudando, polo que se trata dunha das familias que máis destaca neste aspecto, alén da súa elevada porcentaxe de alumnado que prosegue con formación universitaria (41,8%).

Por último, o 11,6% pretende crear a súa propia empresa nos vindeiros anos e un 3,2% xa a ten.


Figura 95. Gráficas de resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia *Actividades físicas e deportivas*




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que o alumando tarda en obter un emprego




Relación entre o ciclo cursado e o último emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O último emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral no último emprego




Outras vías de inserción laboral no emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos escollidos polo alumnado que segue estudando



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

- **Administración e xestión**

Administración e xestión é unha familia profesional cunha taxa de inserción laboral do 83,0% e de ocupación do 64,5%, valores próximos aos medios. O 21,9% dedícase principalmente a continuar os seus estudos.



1 847

alumnos/as

A cota de persoas que non atoparon emprego desde que cursaron o ciclo non é das máis altas, aínda que se sitúa un pouco por enriba dos datos globais (25,5%). O 86,5% do alumnado que consegue traballo faino antes dos seis meses.


No relativo á adecuación do emprego actual coa formación obtida no ciclo, o 64,5% afirma que ambos están relacionados, mais detéctase unha elevada diferenza co último traballo.

As cifras de persoas traballadoras que accederon ao seu posto grazas á empresa na que desenvolveron as prácticas tampouco se afastan moito das globais: o 26,6% conseguiu nela o traballo actual. De novo, entre as demais vías de inserción laboral, os contactos e o envío de solicitudes por iniciativa propia son as máis estendidas (agora ben, esta última canle sobresaen no caso do último emprego, cun 47,6%).


O 33,2% segue estudando: a maioría cursa outros estudos (53,6%) e prefire en maior medida a universidade fronte a un novo ciclo de FP.

Non se dan altas porcentaxes de alumnos/as que pensen en crear a súa empresa. O 9,1% pretende creala nos vindeiros tres anos.


Figura 96. Gráficas de resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia *Administración e xestión*




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tarda o alumnado en obter un emprego




Relación entre o ciclo cursado e o último emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O último emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT



Otras vías de inserción laboral no último emprego




Otras vías de inserción laboral no emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos escollidos polo alumnado que segue estudando



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

• Agraria

En *Agraria* a taxa de inserción é do 87,4%. De entre o total de alumnos/as, o 65,9% ten un posto de traballo (a media xeral é do 64,9%) e o 22,6% estuda como actividade principal.



290
alumnos/as


O 23,5% dos alumnos e das alumnas non obtivo ningún traballo desde que finalizou a FCT. Das persoas que si atoparon emprego, o 88,6% xa o tiña ou tardou menos de seis meses en conseguilo.

Un 72,1% do alumnado considera que o seu posto está relacionado co ciclo cursado (aínda que un 20,6% estima que o nivel é inferior ás competencias adquiridas no ciclo) e o 23,5% accedeu a el mediante a empresa na que realizou a FCT. De entre as demais vías de inserción laboral destaca especialmente o elevado recurso ao autoemprego (do 11,8%) como factor distintivo respecto ao resto de familias (se ben os contactos persoais son, de novo, a canle máis común).


A porcentaxe de estudantes é do 48,9%. A maior parte, o 55,6%, decidiu realizar outro ciclo de Formación Profesional, mentres que o nivel de estudos universitarios só acada o 11,1%.

O 21% quere formar a súa propia empresa antes dos seguintes tres anos e o 8,3% xa ten un negocio propio na actualidade, de xeito que a *Agraria* convértese na segunda familia con maior iniciativa emprendedora (só superada por *Téxtil, confección e pel*).


Figura 97. Gráficas de resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia *Agraria*




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tarda o alumnado en obter un emprego




Relación entre o ciclo cursado e o último emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O último emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral no último emprego




Outras vías de inserción laboral no emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos escollidos polo alumnado que segue estudando



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

- **Artes gráficas**

A taxa de inserción de *Artes gráficas* é do 76,9%. Respecto á situación xeral de todo o alumnado, a taxa de ocupación é do 53% e, ademais, apréciase unha porcentaxe bastante alta de alumnos/as que estudan como actividade principal (30,1%).



144
alumnos/as

Dos titulados e das tituladas de *Artes gráficas* en 2017, non obtivo ningún emprego despois de terminar a FCT o 41,8%. Das persoas que si o fixeron, o 19,7% atopouno despois de seis meses.


O 68,4% traballa na actualidade en postos relacionados co seu ciclo, un valor próximo á media global. Así mesmo, o 58,1% afirma desempeñar tarefas en consonancia co seu nivel formativo.



Un 34,9% do alumnado que traballa na actualidade faino na empresa onde realizou as prácticas de FCT. Do resto de vías, resalta una proporción elevada do recurso ao propio centro educativo (maioritario no último emprego, cun 37%, pero tamén moi alto no actual, cun 14,3%).

O 46,1% do alumnado continúa formándose, un nivel lixeiramente por enriba do global. A maioría, o 61%, dedícase a cursar outro ciclo formativo.

No relativo ao carácter emprendedor do alumnado desta rama formativa, o 7,8% pretende crear o seu propio negocio nos próximos anos, sobre todo a medio prazo (a media é do 11,5%). Ademais, o 3,4% indica que xa ten a súa propia empresa.



Figura 98. Gráficas de resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia *Artes gráficas*







Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo

Tempo que tarda o alumnado en obter un emprego





Relación entre o ciclo cursado e o último emprego

Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O último emprego foi na empresa onde se realizou a FCT

O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Otras vías de inserción laboral no último emprego


Otras vías de inserción laboral no emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos escollidos polo alumnado que segue estudando



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

- **Comercio e márketing**

Comercio e márketing presenta unha taxa de inserción do 76,3%, mentres que a de ocupación sitúase un pouco por debaixo da media (61,1%). Un 19,4% continúa estudando.



783
alumnos/as

O 72,3% dos alumnos e das alumnas conseguiu algún emprego desde que rematou a FCT. De entre eles/elas, o 84,5% conseguiu o posto antes dos seis meses; é dicir, que se retrasou un pouco máis que a media global.


Trátase da familia con maior grao de adecuación entre o traballo actual e o ciclo cursado. Das persoas ocupadas actualmente, o 76,7% traballa en postos que considera relacionados coa súa formación (e un 67%, de nivel acorde con ela).

Esta familia contén tamén unha alta porcentaxe de empregos que se desempeñan nas empresas onde se realizaron as prácticas (38,8%). En canto ás outras vías, repítense en xeral as canles habituais no resto de familias, aínda que a proporción de alumnos e alumnas que atopan emprego mediante anuncios é bastante alta, en especial no primeiro emprego.


Continúa estudando o 40,3% dos alumnos e das alumnas (a media está no 45,7%) e a maioría escolle estudos de FP.

No que atinxe ao seu carácter emprendedor, o 8,3% declara ter a intención de crear o seu propio negocio nos vindeiros anos e o 1,7% xa ten establecida unha empresa.


Figura 99. Gráficas de resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia Comercio e márketing




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tarda o alumnado en obter un emprego




Relación entre o ciclo cursado e o último emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O último emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT



Outras vías de inserción laboral no último emprego




Outras vías de inserción laboral no emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos escollidos polo alumnado que segue estudando



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

- **Edificación e obra civil**

A taxa de inserción desta familia profesional ascende ao 82,8%. Mirando á situación xeral de todo o alumnado, o 68,8% traballa e o 16,9% estuda como actividade principal. Non se identifican persoas que declaren atoparse nunha situación diferente.



110
alumnos/as

O 20,3% dos alumnos e das alumnas non obtivo ningún emprego desde que finalizou a FCT, dato semellante ao calculado cos datos globais. Das persoas que atoparon traballo, o 93,3% conseguíuno antes dos seis meses, unha cifra que destaca sobradamente por situarse sobre a media (que radica no 86,8%).


Entre o alumnado actualmente ocupado, o 74,5% atópase en postos relacionados coa formación que adquiriu na FP. É salientable a porcentaxe de traballadores/as que opinan que este posto se adapta ao nivel de capacitación para o que se prepararon, en concreto o 68,6%, a proporción máis alta do estudo neste aspecto.


A porcentaxe de alumnos/as que traballan na mesma empresa na que fixeron as prácticas é moi alta, de case o 38%. Entre as demais canles de inserción laboral, resalta a iniciativa propia co 38,7%, se ben no caso do último emprego os contactos persoais permiten o acceso a case tres de cada catro postos de traballo.

O 36,4% do alumnado continúa estudando e a opción que prefire é o ensino universitario co 39,3%, un valor que converte esta rama na terceira en frecuencia de elección deste itinerario formativo.


Edificación e obra civil presenta unha porcentaxe de futuros/as emprendedores/as medio-alto en termos comparativos. O 16,9% ten intención de crear a súa empresa nos próximos tres anos e o 3,9% xa conta co seu propio negocio.

Figura 100. Gráficas de resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia *Edificación e obra civil*







Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tarda o alumnado en obter un emprego




Relación entre o ciclo cursado e o último emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O último emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral no último emprego




Outras vías de inserción laboral no emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos escollidos polo alumnado que segue estudando



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

- **Electricidade e electrónica**

Na rama de *Electricidade e electrónica*, o 77,7% das persoas que realizaron a FCT ten emprego actualmente. O 67,3% do total do alumnado traballa, o 12,5% dedícase principalmente a estudar e un 19,3%, a cifra máis alta de todas as familias profesionais, centra os seus esforzos na procura de emprego.



1 087
alumnos/as

Dáse unha porcentaxe próxima á media de alumnos e alumnas que non atoparon ningún emprego desde que cursaron o ciclo: o 22,5%. Das persoas que si o conseguiron, só unha escasa minoría do 7,7% tivo que esperar máis aló dos seis primeiros meses.


Con relación aos datos xerais, *Electricidade e electrónica* recolle porcentaxes similares á media de alumnado que considera o seu traballo relacionado co ciclo que estudou: o 64,2% respecto ao posto actual.

Un 32,5% accedeu ao traballo que mantén na actualidade mediante a empresa na que realizou as prácticas. O resto do alumnado adquiriu o emprego actual en maior medida por iniciativa propia (32,9% no posto actual), seguida de cerca polos contactos persoais (29,3%).


Continúa completando a súa formación o 25,8%, un nivel moi inferior á media global (45,7%). A gran maioría, o 69,4%, estuda outro ciclo de FP; pola súa banda, os/as estudantes universitarios/as representan un escaso 6,1%.

Por ultimo, o 11% ten a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos), en tanto que o 1,6% xa conta cun negocio propio.


Figura 101. Gráficas de resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia *Electricidade e electrónica*




OCUPACIÓN LABORAL DO ALUMNADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL QUE REMATOU A FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO NO ANO 2017




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tarda o alumnado en obter un emprego




+Relación entre o ciclo cursado e o último emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O último emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral no último emprego




Outras vías de inserción laboral no emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos escollidos polo alumnado que segue estudando



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

- **Enerxía e auga**

A taxa de inserción ascende ao 90,3%, é dicir, sitúase case cinco puntos por enriba do dato global (85,4%). *Enerxía e auga* é a segunda familia profesional coa taxa de ocupación máis alta (só superada por *Instalación e mantemento*), cun 77,1% de traballadores/as sobre o conxunto do alumnado. Os alumnos e as alumnas que continúan cos seus estudos como tarefa principal representan o 14,6% do total.



88
alumnos/as

O número de estudantes que aínda non encontraron traballo despois de rematar a FCT representa o 17,1% do total. Pese aos bos datos de inserción, a maioría atopa emprego máis tarde que en outras familias: o 19,8% tarda máis de seis meses en conseguilo.


No emprego actual, a relación da ocupación co ciclo formativo obtén un 66%, do que a práctica totalidade, ademais, considera que está adaptada ao seu nivel de cualificación.

Enerxía e auga rexistra una proporción similar á media de alumnos/as que atoparon o seu emprego actual no centro de prácticas (27,7%). Entre os demais métodos, destaca sobre todo o baixo nivel de contactos persoais (20,6%), amplamente superado pola iniciativa propia (32,4%).


Só o 28,6% do total de alumnos e alumnas continúa estudando. Deste grupo, a maioría decide realizar outros estudos que non sexan nin FP nin títulos universitarios (oposicións, cursos do Sistema de Formación para o Emprego, etc.).

O número de persoas emprendedoras que se rexistra está en torno á media (17,5% sumando as que prevén establecerse no futuro e as que xa o fixeron), pero convén salientar que a porcentaxe das que xa posúen a súa empresa é a máis alta de todas as ramas (9,5%).


Figura 102. Gráficas de resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia *Enerxía e auga*




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tarda o alumnado en obter un emprego




Relación entre o ciclo cursado e o último emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O último emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Otras vías de inserción laboral no último emprego




Otras vías de inserción laboral no emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos escollidos polo alumnado que segue estudando



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

- **Fabricación mecánica**

A taxa de inserción laboral é do 92,7% en *Fabricación mecánica*, un nivel considerablemente superior á media global do 85,4%. De xeito análogo, dáse tamén unha moi elevada taxa de ocupación, do 75,6% (o dato a nivel xeral é do 64,9%). Por contra, o 17,4% estuda coma tarefa principal.



542
alumnos/as

Máis en detalle, o 18,8% non obtivo ningún emprego desde que finalizou a FCT do ciclo cursado, un dato bastante inferior ao resultado global (24,2%). Do alumnado que si atopou traballo, o 92,6% conseguíuno antes dos 6 meses, cifra que está entre as máis altas en comparación coas outras familias.


Do alumnado ocupado na actualidade, o 75,6% traballa en postos que considera relacionados co seu ciclo, unha das porcentaxe máis elevadas.

O 41,9% dos alumnos e das alumnas que teñen emprego durante a realización da enquisa desempeñan na empresa onde realizou a FCT (dato só superado pola familia *Téxtil, confección e pel*). O resto acadou o seu posto, sobre todo, mediante contactos e iniciativa propia.


Continúa estudando o 36,8% das persoas tituladas (a media é do 45,7%), que na meirande parte dos casos opta por outros ciclos de formación profesional (56,4%).

En canto ao carácter emprendedor, o 8,2% declara ou ben ter a intención de crear o seu propio negocio nos vindeiros tres anos ou ben xa o ter.


Figura 103. Gráficas de resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia *Fabricación mecánica*




Inserción laboral do alumnado sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual do alumnado




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tarda o alumnado en obter un emprego




Relación entre o ciclo cursado e o último emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O último emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral no último emprego




Outras vías de inserción laboral no emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos escollidos polo alumnado que segue estudando



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

- **Hostalaría e turismo**

Nesta familia dáse unha taxa de inserción laboral do 85,3%, case idéntica á media xeral (85,4%). Atendendo á situación actual do total de alumnos/as, un 73,3% das persoas ocupa un posto de traballo (a media xeral é do 64,9%), mentres que a proporción das que se dedican a estudar é bastante reducida (12,1%).



1 008
alumnos/as


Percíbese un número baixo de alumnos/as que non atoparon ningún emprego despois de cursar o ciclo, o 15,9%. Por outra banda, o 94,4% das persoas que si traballaron fixérono antes dos seis meses, polo que esta rama profesional convértese na terceira en rapidez de inserción (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar o ciclo ou nos seis meses posteriores).


O 72,8% do alumnado traballa actualmente en postos relacionados co ciclo (superando ao 65,9% do dato xeral) e son poucas as persoas que se ocupan en tarefas de nivel inferior á súa preparación (7,4%). Así mesmo, o 27,9% permanece na empresa na que cursou as prácticas de FCT. Do resto de vías de acceso ao traballo, os contactos persoas son a máis importante.

O 31,4% continúa estudando e, entre o tipo de estudos, destaca a formación profesional co 50,8% do total de estudantes.


Hostalaría e turismo ten un dos niveis máis elevados de futuros/as emprendedores/as. O 22,7% pensa montar o seu propio negocio nos próximos tres anos ou xa conta con el no momento de realizar o estudo.

Figura 104. Gráficas de resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia *Hostalaría e turismo*







Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tarda o alumnado en obter un emprego




Relación entre o ciclo cursado e o último emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O último emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral no último emprego




Outras vías de inserción laboral no emprego actual



Alumnado que segue estudando



Tipo de estudos escollidos polo alumnado que segue estudando



Intención do alumnado de crear a súa propia empresa

- **Imaxe e son**

Imaxe e son sitúase entre as cinco familias profesionais cunha taxa de inserción máis baixa, neste caso do 79,5%. Polo que respecta á ocupación, esta resulta case idéntica á media: o 64,6% fronte a un resultado global do 64,9%. Isto débese a que a taxa total de persoas inactivas non é moi alta, do 18,7%.



339
alumnos/as

O 21,7% do alumnado aínda non desempeñou un emprego desde que rematou a FCT, cifra pouco afastada da media global (24,2%), e o 85% do alumnado que si tivo traballo atopouno nos seis meses posteriores ao ciclo.


A proporción de ocupados/as que consideran o seu posto actual relacionado co ciclo ascende ao 60,9% e a maioría cre que este posto se adecúa ao nivel de capacitación adquirido no ciclo.

A cantidade de alumnos/as que están a traballar na mesma empresa na que realizaron as prácticas é do 19,5%. Os contactos persoais volven ser o método principal de acceso ao traballo entre as demais vías, seguido moi de preto pola iniciativa propia.


Continúa formándose o 36,4% dos alumnos e das alumnas (a media está no 45,7%), do que xusto a metade prosegue con outra PF.

Imaxe e son é unha das ramas profesionais de FP (a terceira de entre todas as familias) nas que se identifica un maior carácter emprendedor entre o alumnado: o 19,6% pretende crear a súa empresa entre o próximo ano e os tres seguintes, o 1,4% neste mesmo ano e o 3,5% xa conta cun negocio propio.


Figura 105. Gráficas de resultados de inserción laboral do alumnado que rematou a FCT na familia *Imaxe e son*




OCUPACIÓN LABORAL DO ALUMNADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL QUE REMATOU A FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALO NO ANO 2017




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tarda o alumnado en obter un emprego




Relación entre o ciclo cursado e o último emprego




